

# Outras propostas

## CONCERTOS DE CELEBRACIÓN DO 30º ANIVERSARIO DO CONSERVATORIO MUNICIPAL DE MÚSICA DE CARBALLO

**28 de xaneiro**, 20.00 h: BIG BAND de JAZZ do CMUS

**14 de febreiro**, 20.00 h: FESTIVAL DE VARIETÉS, coa participación da ORQUESTRA DE CORDAS do CMUS (Organiza: Comité de Irmanamento con L'Isle Jourdain)

**18 de marzo**, 20.00 h: CONCERTO DE PRIMAVERA

**25 de marzo**, 19.00 h: Final do II CONCURSO DE SOLISTAS

Ademais, concertos nos Centros Sociais de Sofán, Verdillo, Cances, Ardaña, Imende e Oza

Pazo da Cultura  
Entrada libre

## CURRUNCHO POP

**15 de febreiro**, 19:30 h: Presentación do libro *Soul Food & Blues*, de Héctor Martínez

**15 de febreiro**, 20:30h: CONCERTO DE BLUES CHICO & MARAYA ZYDECO

**28 de marzo**: CONCERTO DE DIEGO VASALLO

Biblioteca Municipal Rego da Balsa  
Entrada libre

## CONTACONTOS DOS RATOS DE LONXEDOTODO

**15 de xaneiro**: *Querida ovella negra*

**29 de xaneiro**: *Riciños de ouro*

**12 de febreiro**: *O Coelliño Branco*

**26 de febreiro**: *O Entroido dos Ratos*

**11 de marzo**: *O galo enganxa*

**25 de marzo**: *Adeus avó, sempre te quereirei!*

Biblioteca Municipal Rego da Balsa, 17:00 e 18:30 h.  
(Recollida previa de convite desde unha semana antes)

## Calendario

✓ ESPECTÁCULOS INCLUIDOS NO BONO



**16 XAN A 01 FEB**  
Amal en ruta




**15 XAN A 16 FEB**  
Expo Xesús Búa



**19 XANEIRO**  
Galeatro



✓  
**7 FEBREIRO**  
Teatro da Ramboia



**9 FEBREIRO**  
Talia Teatro



**13 FEB**  
Docu Pedrón do Freixo




**20 FEB A 22 MAR**  
Expo Patiño - Lorenzo



**27 FEBREIRO**  
Docu Esquece Monelos



**5 AO 29 MAR**  
Certame Isaac D. Pardo



**28 FEBREIRO**  
Rockarballo



✓  
**6 MARZO**  
Redrum Teatro



**12 MARZO**  
Docu Hamada



✓  
**13 MARZO**  
Silvia Penide



**15 MARZO**  
O Viravai



**16 MARZO**  
Certame XM Eiris



✓  
**20 MARZO**  
Chévere



**26 MARZO**  
Docu Idénticas



✓  
**27 MARZO**  
Marelas Producións



**29 MARZO**  
Monicreques de Kukas



XANEIRO  
FEBREIRO  
MARZO 2020  
**CARBALLO**





Todas as actividades terán lugar no Pazo da Cultura de Carballo, excepto as que indican outro lugar

## LUGARES E DATAS DE VENDA

**VENDA ANTICIPADA:** [www.eventbrite.es](http://www.eventbrite.es)

(entradas con gastos de xestión).

Inicio da venda a partir do **15 de xaneiro**

**BILLETEIRA:** Venda de bonos e entradas o mesmo día da función na billeteira do Pazo da Cultura, desde 90 minutos antes do inicio da actuación

As entradas mercadas no despacho de billetes serán asignadas pola organización. En caso de querer seleccionar unha localización concreta deberán utilizar o sistema de venda anticipada. Non se admiten cambios nin devolucións.

## PREZO ENTRADAS

**PREZO ORDINARIO:** 3 € e 4 €, segundo o especificado en cada espectáculo

**PREZO REDUCIDO,** para estudantes con carné de estudante, maiores de 60 e menores de 18 anos: 2 € e 3 €

No acceso ao espectáculo deberá acreditarse debidamente a circunstancia especial do prezo reducido.

A compra anticipada a través de

[www.eventbrite.es](http://www.eventbrite.es) supón gastos de xestión.

## PREZO BONOS

**BONO ORDINARIO:** 15 €

**BONO REDUCIDO,** para estudantes con carné de estudante, maiores de 60 anos e menores de 18 anos: 10 €

**Para os espectáculos para público adulto:** Teatro da Ramboia (7 de febreiro), Redrum Teatro (6 de marzo), Silvia Penide (13 de marzo), Chévere (20 de marzo) e Marelas (27 de marzo).

A compra anticipada de bonos a través de

[www.eventbrite.es](http://www.eventbrite.es) non supón gastos de xestión.

## Proximamente...

### XVIII PRIMAVERA ENDANZA

> **DO 17 AO 30 DE ABRIL:** O ciclo de danza contemporánea regresa un ano máis ao escenario do auditorio do Concello de Carballo cunha selección de espectáculos moi diversos de compañías galegas e unha mostra de fóra de Galicia.

### VII CARBALLO INTERPLAY

> **DO 20 AO 24 DE ABRIL:** Festival de contidos dixitais

### XV SEMANA DO LIBRO E A LECTURA

> **DO 20 AO 24 DE ABRIL:** Exposición e actividades de animación á lectura. Biblioteca Rego da Balsa



+Info

Pazo da Cultura | Rúa do Pan s/n | 15100 Carballo  
Coordenadas GPS: Latitude 43.211702 - Lonxitude -8.695394  
Tfno.: 981 704 300 | [cultura@carballo.gal](mailto:cultura@carballo.gal) | [www.carballo.gal](http://www.carballo.gal)

Esta programación poderá sufrir algunha modificación (novos espectáculos, datas, entradas...) que se comunicará coa máxima antelación posible.

Prégase puntualidade. Unha vez comezada a función non se garante o acceso á sala.

Non se permitirá a entrada de comida, bebida ou obxectos que poidan ser considerados perigosos polo organizador ou estean prohibidos pola normativa vixente. Resérvase o dereito de admisión.

Nos espectáculos programados quedan reservados todos os dereitos de imaxe e propiedade intelectual. As persoas portadoras da entrada non poderán filmar ou gravar o espectáculo sen autorización explícita da organización.

Organiza:



CONCELLARÍA  
DE CULTURA



Colaboran:





**19-Xaneiro** domingo > 18.00 h


**GALEATRO** (Carballo)  
*Carabela*



Carabela naufraga na Illa Pequena de Plástico. Está soa, rodeada de paxaros choromicas e peixes mutantes. Alivia a súa tristeza creando unha nena. O seu corazón comezará a latexar coa ansia de coñecer o mundo fora da illa. Galeatro, primeira compañía de teatro profesional de Carballo, estreará na casa a súa segunda obra infantil, Carabela, que escribiu para eles unha das mellores dramaturgas infantís galegas, Paula Carballeira. Os seus fundadores, Alba Bermúdez e Tone Martínez, pretenden dar a coñecer aos nenos e nenas un dos grandes problemas ambientais, o uso masivo de plástico. O texto será publicado pola Editorial Galaxia e estará dispoñible proximamente.

**Intérpretes:** Alba Bermúdez, Tone Martínez, Davide González / **Música orixinal:** Davide González / **Deseño Iluminación:** Ignacio Martín / **Deseño escenografía e indumentaria:** Diego Valeiras / **Texto:** Paula Carballeira / **Dirección:** Davide González

**Duración:** 50 min / **Público:** a partir de 4 anos  
**Prezo da entrada:** 3 € / 2 €  
Rede Galega de Teatros e Auditorios



**07-Febreiro** venres > 21.00 h

**TEATRO DA RAMBOIA** (A Coruña)  
*O meu mundo non é deste reino*

Dous titiriteiros chegan ao seu fogar logo dun día de traballo, tras carretar ás súas costas un enorme “tutilimundi”, unha caixa de pandora, da que as marionetas da farsa emerxerán como alegorías esperpénticas dunha realidade pasada. Esta comedia adaptación da Farsa de Bululú de Manuel María é unha parodia da ditadura franquista. Teatro da Ramboia é unha compañía creada no ano 2012 coa intención de investigar as relacións entre o teatro, a música e as artes plásticas, desde a súa relación no teatro das marionetas. Esta obra foi a gañadora o I Certame Manuel María de Proxectos Teatrais convocado pola Fundación e Casa-Museo Manuel María e 23 concellos, entre os que se encontra o de Carballo.

**Intérpretes:** Anxo García e Fran Lareu / **Iluminación:** Germán Gundín / **Construción de marionetas:** Anxo García / **Autoría:** Manuel María / **Dirección, dramaturxia e música:** María Peinado.

**Duración:** 1 h 30 min / **Público:** a partir de 14 anos  
**Prezo da entrada:** 3 € / 2 €  
Rede Galega de Teatros e Auditorios



**09-Febreiro** domingo > 18.00 h

**TALÍA TEATRO** (Santiago de Compostela)  
*Lambetadas*

Esta é a historia de dous personaxes que non saben quen son, nin de onde veñen, nin cara onde van, polo que non lles queda máis remedio que coñecerense. Descubren que para atopar a súa identidade deberán saber o que lles pasa ás súas linguas, porque sen elas non se pode lamber as lambonadas, que é o máis rico que hai. Talía Teatro preséntanos un espectáculo de clown e teatro de obxectos, para degustar lambendo e relambendo, deixándonos un doce sorriso nos beizos.

**Intérpretes:** María Ordóñez e Diego Rey / **Escenografía e iluminación:** Dani Trillo / **Autoría:** María Canosa, Sechu Sende e Santiago Cortegoso / **Vestiario, caracterización e axudante de dirección:** Martina Cambeiro / **Dirección:** Santiago Cortegoso.

**Duración:** 45 min  
**Público:** a partir de 5 anos  
**Prezo da entrada:** 3 € / 2 €  
Rede Galega de Teatros e Auditorios



**28-Febreiro** venres > 21.00 h

**ROCKARBALLO**  
*Eoe, Lowcos, The Cerne, Quercus Blues, Sonseis+ e Versión Imposible*  
(Carballo)

RockArballo é a cita musical coa música ao vivo das agrupacións carballezas. Unha pausa no camiño para escoitar novas pezas, versións ou arranxos que os grupos de Carballo nos achegan cada ano. Música universal que mestura actuacións de agrupacións de xéneros musicais máis clásicos con outros máis alternativos. Unha gran oportunidade para os seguidores do rock & roll, pop, blues, indie, electrónica para escoitar a evolución e creatividade destas bandas. Unha aposta pola diversidade musical e pola súa proxección.

**Duración:** 2 h  
**Público:** todos os públicos  
**Entrada:** gratuíta ata completar aforo

> TEATRO



**06-Marzo venres > 21.00 h**

**REDRUM TEATRO (A Coruña)**

**Invisibles**

Un lugar indeterminado. Tres mulleres. Sete testemuñas reais. Un millón de razóns para falar do maltrato. Non máis invisibles. O espectáculo de Redrum Teatro foi un dos máis recoñecidos na última edición dos María Casares, con premios á mellor dirección, iluminación e adaptación. Foi creado a partir da novela de Montse Fajardo e presenta diversas historias reais protagonizadas por mulleres galegas cun fío común: a violencia de xénero. Os Venres Culturais súmanse ao Día da Muller programando un espectáculo que presenta dúas reflexións sobre a violencia de xénero: a inexistencia dun perfil típico entre as mulleres que a sofren e a invisibilidade dos agresores fronte a exposición das vítimas ante a sociedade.

**Intérpretes:** Mela Casal, Sheyla Fariña e Neves Rodríguez / **Iluminación:** Laura Iturralde / **Música e son:** Davide González / **Escenografía:** Redrum Teatro / **Autoría:** Montse Fajardo / **Adaptación:** Marián Bañobre e Santiago Cortegoso / **Dirección:** Marián Bañobre.

**Duración:** 1 h 35 min / **Público:** a partir de 13 anos  
**Prezo da entrada:** 4 € / 3 €  
Rede Galega de Teatros e Auditorios

> CANCIÓN DE AUTOR



**13-Marzo venres > 21.00 h**

**SILVIA PENIDE (A Coruña)**

**El efecto boomerang**

Silvia Penide é unha das representantes máis destacadas da canción de autor en Galicia, que nos últimos traballos se achega ao pop intimista que emociona e cativa a un público cada vez máis numeroso. Cantautora, guitarrista e intérprete presentará en Carballo o seu sétimo disco, unha nova colección de temas sensíbeis e reflexivos e o boomerang achegaranos, tamén, a recoñecidas pezas pop desta galardoadora autora. Segundo a crítica, un dos discos imprescindibles do 2019.

**Duración:** 1 h 15 min  
**Público:** Adulto  
**Prezo da entrada ordinario:** 3 € / 2 €  
Rede Galega de Teatros e Auditorios

> EN FAMILIA | MÚSICA



**15-Marzo domingo > 18.00 h**

**OVIRAVAI (Pontevedra)**

**Paio e o poder da música**

A tripulación da nave soñadora, comandada por Roni, Riki e Chamico, afronta o emocionante reto de conseguir que o seu amigo, o Oso Aurelio, recupere a súa cabeceira. Unha trama chea de música e divertidas coreografías. Oviravai presenta un divertido espectáculo de gran formato que trata temas tan actuais como o bullying, a igualdade ou a reciclaxe. Canta e baila co teixugo máis aventureiro do mundo!

**Intérpretes:** Verónica Santalices, Federico Welicki, Erika Welicki, Xacob Welicki, Carlos Gil, Jesús Alonso, Plácido García, Noa Covelo e Iván Davila / **Vestuario:** Adanegra Taller / **Deseño de son:** Javier Abreu / **Deseño de iluminación:** Moisés Suárez / **Escenografía:** Diego Valeiras / **Música, coreografía e autoría:** Verónica Santalices, Federico Welicki / **Dirección:** Federico Welicki

**Duración:** 1 h 10 min  
**Público:** de 3 a 10 anos  
**Prezo da entrada:** 4 € / 3 €  
Rede Galega de Teatros e Auditorios

> TEATRO



**20-Marzo venres > 21.00 h**

**CHÉVERE (Santiago de Compostela)**


**Curva España**

A historia da curva na que se matou España. Un crime sen resolver, unha morte violenta que provoca sospeitas e interrogantes sobre os seus autores, motivacións e consecuencias. Partindo dunha historia real local transmitida de xeración en xeración, e da existencia de distintas versións sobre o caso, Chévere ironiza sobre o formato documental mesturando teatro e cine en directo, baseándose no xénero policial e realizando unha alegoría sobre a vertebración do estado español como a promesa dun tren que nunca chegou. Despois de varios anos traballando sobre o teatro documento e a memoria colectiva, unha das compañías referentes do teatro galego, afonda nos mecanismos narrativos que xorden na fronteira entre a realidade e a ficción, entre a historia e a lenda, entre a pantalla e o escenario.

**Intérpretes:** Patricia de Lorenzo, Miguel de Lira, Lucía Estévez, Leticia T. Blanco / **Deseño de iluminación:** Fidel Vázquez / **Espazo audiovisual:** Lucía Estévez, Leticia T. Blanco e Laura Iturralde / **Espazo sonoro:** Xacobe Martínez / **Textos:** Xron, Manuel Cortés, Miguel de Lira e Patricia de Lorenzo / **Dirección e dramaturxia:** Xron.

**Duración:** 1 h 30 min / **Público:** a partir de 13 anos  
**Prezo da entrada:** 4 € / 3 €  
Rede Galega de Teatros e Auditorios

> TEATRO



**27-Marzo venres > 21.00 h**

**MARELAS PRODUCCIÓNS (A Coruña)**

**Liberto**

Cando nace Liberto a vida de Ada frea en seco. Durante o parto, o neno quedou uns intres sen osíxeno, e, dende ese momento, a vida da nai fai equilibrios entre a esperanza e o medo. Dende unha sala de espera, dúas actrices acompañadas de música en directo, interpelan directamente ao público, reivindicando o imperfecto, o humano e axudándonos a o comprender que a propia morte é parte da vida. Marelas é unha nova compañía galega que nos presenta a súa primeira produción a partir da obra da catalá Gemma Brió que conta en primeira persoa a experiencia máis determinante da súa vida.

**Intérpretes:** Rocío González, Cris Iglesias e Lucía Aldao / **Música:** Lucía Aldao / **Son:** Jas Processor / **Coreografías:** Rut Balbis / **Escenografía e iluminación:** JM Faro, Coti / **Autoría:** Gemma Brió / **Dirección:** Tamara Canosa.

**Duración:** 1 h 20 min  
**Público:** Adulto  
**Prezo da entrada:** 4 € / 3 €  
Rede Galega de Teatros e Auditorios

> EN FAMILIA | TEATRO MUSICAL E MONICREQUES



**29-Marzo domingo > 18.00 h**

**OS MONICREQUES DE KUKAS (Santiago)**

**Arlequina**

Esta é a trepidante viaxe dunha peculiar marioneta, Arlequina, *un anaco de papel, que ten letras e non sabe ler, con alma de marioneta e corazón de poeta*. Acompañada polo estrafalario Marchelino, vai na procura da súa identidade. Marionetas, actores, maxia, cancións e música en directo recrean o divertido e rico universo creativo particular da máis veterana das compañías de teatro de títeres de Galicia. Os Monicreques de Kukas conmemora o seu 40 aniversario. Polo seu labor de investigación, tanto das técnicas de construción e de manipulación como de novas formas de exhibición, a Xunta de Galicia acaba de recoñecela co Premio da Cultura Galega de Artes Escénicas 2019.

**Intérpretes:** Xurxo Cortázar, Isabel G. Coldeira, Borxa Ínsua, Kukas, Larraiz Urruzola, Ero Vázquez e Isabel Rey / **Músicos de Zoar Ensemble:** Joan Ibáñez, Benxamin Iglesias, Álex Regueiro, Antonio Suárez e David Villa / **Autoría, deseño de marionetas e escenografía:** Marcelino de Santiago "Kukas" / **Dirección:** Isabel Rey e Marcelino de Santiago "Kukas"

**Duración:** 1 h 5 min / **Público:** todos os públicos  
**Prezo da entrada:** 4 € / 3 €  
Rede Galega de Teatros e Auditorios

# Exposicións

**HORARIO DE APERTURA:**  
de 17.00 h a 21.00 h de luns a domingo

# A través da lente



## DO 15 XANEIRO AO 16 FEBREIRO XESÚS BÚA | *Homes e mulleres de sal e ferro*

Esta serie do fotógrafo muxián toma como eixo central a figura do percebeiro, pero afastándose dos tópicos da perigosidade do oficio e da epicidade explícita. Búa fuxe do teleobxectivo e utiliza lentes curtas para mimetizarse cos suxeitos a retratar. A súa intención é a de iniciar un diálogo íntimo e sensible con quen retrata, unha sorte de conversa que humanice estas heroínas amosando desde o seu sufrimento ata a súa ledicia, pasando pola súa forza e os seus sentimentos.

Andar -1 do Pazo da Cultura



## DO 20 FEBREIRO AO 22 MARZO | OLGA PATIÑO E CARLOS LORENZO | *Territorio acoutado*

Poesía e fotografía complementáanse para crear unha atmosfera chea de metáforas e elipses. Este proxecto nace da lembranza da nenez e da adolescencia, combinando dúas manifestacións artísticas que dun xeito cómplice crean unha obra única. Poemas de Patiño que nacen dunhas intensas vivencias, e fotografías oníricas de Lorenzo que conceden liberdade ao espectador para que as interprete desde a experiencia persoal.

Andar -1 do Pazo da Cultura

## DO 5 AO 29 DE MARZO | XVI CERTAME DE ARTES PLÁSTICAS ISAAC DÍAZ PARDO

Obras seleccionadas na XVI edición deste certame referente nas artes plásticas de Galicia organizado pola Deputación da Coruña. A exposición aglutina máis de 20 pezas que integran un ecléctico escaparate das tendencias da arte actual de artistas galegos e nacionais.

Andar 3º do Pazo da Cultura

Organiza: Deputación da Coruña e Concello de Carballo



# A través da lente

**C**on esta sección, poñemos en relación diversas accións de fomento e difusión das artes da imaxe e audiovisuais da Concellería de Cultura, arredor da fotografía e do cine.

O compromiso da Concellería de Cultura coa promoción da fotografía plásmase, no Certame Fotográfico Xosé Manuel Eiris, unha consolidada convocatoria con vintedous anos de traxectoria e máis de 2500 obras participantes. Abrimos de novo o prazo de recepción de obras, que culminará coa selección de gañadores e cunha exposición no mes de abril.

O Certame expándese a través dun programa de actividades formativas e de exposicións que se celebran ao longo de todo o ano. *Homes e mulleres de sal e ferro* e *Territorio acoutado*, son as mostras fotográficas deste trimestre.

**No ámbito formativo, iniciamos un novo proxecto con charlas ou conversas sobre temas de interese fotográfico aos que convidamos a profesionais de prestixio e que pretendemos sexa un lugar de encontro para os amantes da fotografía.**

**No ámbito cinematográfico, complementamos o ciclo de cine árabe *Amal en ruta*, que xa celebramos con éxito en dúas edicións, cunha mirada ao cada vez máis rico e dinámico audiovisual galego, que está proxectando o seu talento por todo o mundo.**

## XXII CERTAME FOTGRÁFICO XOSÉ MANUEL EIRÍS

Tema libre. Branco e negro ou cor. 3000 € en premios. **Remate do prazo de entrega de obras: 16 de marzo**

## CONVERSAS FOTGRÁFICAS

Pazo da Cultura. Entrada libre, ata completar aforo. Ás 20.00 h

### > 5 de febreiro A REPORTAXE FOTGRÁFICA: HISTORIA DUN DESENGANO por Nacho Romero

Profesor da Escola de Imaxe e Son de A Coruña. Reporteiro gráfico en Radial Press e técnico de fotografía científica en Servimav, creativo con numerosas exposicións, socio de Ran Foto e Aula K.

Percorrido pola historia da reportaxe fotográfica coa mira posta na súas aportacións á sociedade, os grandes mestres, a evolución da técnica e o reto de amosar a realidade de xeito veraz.

### > 4 de marzo A FOTGRAFÍA, VENTÁ AO INSÓLITO por Vari Caramés

Fotógrafo creativo de renome internacional. Autodidacta, amante do intemporal e do indefinido.

Pequena homenaxe a Julio Cortázar, escritor admirado polo fotógrafo, que realizará un percorrido polos seus textos apoiándose en imaxes, a modo de anecdotario un tanto surrealista.

### > 1 de abril FOTGRAFÍA E PINTURA: ENEMIGOS ÍNTIMOS por Fran Martínez

Técnico de Imaxe, de formación e fotoperiodista, de corazón. Traballou en La Opinión de A Coruña durante 8 anos e na actualidade faino na empresa Bokeh.

Aínda que semella que a fotografía naceu para dar morte á pintura, en realidade o que lle fixo foi unha ferida que transformou a arte pictórica. Búsqueda persoal do lugar da fotografía nas artes visuais.

# Amal en ruta

MOSTRA DE CINE EUROÁRABE



O ciclo Amal realizará a súa terceira edición en Carballo cunha selección de seis longametraxes (catro ficcións e dous documentais) co mellor cine árabe de actualidade.

Está organizado polo Concello de Carballo e a Fundación Araguaney-Puente de Culturas, unha entidade que pretende o achegamento cultural entre o mundo árabe, e o noso país para facilitar o entendemento e respecto mutuo.

O acceso ás proxeccións é gratuito, ata completar aforo.

## 16-XAN XOVES > 20.30 H



### SOUFRA


Esta é a historia de Mariam Shaar, unha muller nada no campo de refuxiados palestinos en Beirut,

que trata de crear unha empresa de restauración para mulleres.

Longametraxe documental / Thomas Morgan | 2017  
Singapur | 73 min

Lugar: Biblioteca Rego da Balsa

## 17-XAN VENRES > 20.30 H



### SKY AND GROUND

Os Nabi, son unha familia siria-kurda, que viaxa ilegalmente dende Aleppo a

Alemaña na procura dunha vida mellor. Os directores son reputados produtores audiovisuais, con numerosos títulos producidos ou dirixidos.

Longametraxe de documental / Talya Tibbon, Joshua Bennett | 2018 | USA | 86 min

Lugar: Pazo da Cultura

## 23-XAN XOVES > 20.30 H



### MAKAF

Despois de 15 anos de prisión, Ziad non reconece o mundo que o rodea. A tecnoloxía cambiou, a

sociedade non é a que era e empeza a comprender que os seus problemas son sociais e tamén psicolóxicos.

O seu director gañou o premio ao mellor documental na Berlinale 2017.

Longametraxe de ficción / Bassam Jarbawi | 2018  
Palestina, USA, Catar | 108 min

Lugar: Biblioteca Rego da Balsa

## 24-XAN VENRES > 20.30 H

LOOK AT ME



A vida de Lofti, un inmigrante asentado en Marsella, cambia drasticamente o día que recibe unha chamada do seu irmán desde Tunes.

Longametraxe de ficción/ Nejib Belkadhil | 2018  
Catar, Tunes, Francia | 96 min

Lugar: Pazo da Cultura

## 30-XAN XOVES > 20.30 H



### YOMEDDINE

Beshay nunca saíu da colonia de leprosos na que o abandonaron sendo un neno. Tras a morte da súa muller decide

buscar as súas raíces, acompañado de Obama, un orfo que se une a el no camiño. Filme seleccionado polo Festival de Cannes 2018.

Longametraxe de ficción / Abu Bakr Shawky | 2018  
Exipto | 93 min

Lugar: Biblioteca Rego da Balsa

## 01-FEB SÁBADO > 20.30 H



### CAPHARNAÛM

Zain, un intelixente e valente neno de doce anos, sobrevive aos perigos nas rúas da cidade grazas ao seu enxeño. Facendo valer

os seus dereitos, recorre á xustiza para demandar aos seus pais polo "crime" de darlle a vida. Premio Xurado no Festival de Cannes e nomeada aos Globos de Ouro e Óscar 2018.

Longametraxe de ficción / Nadine Labaki | 2018 | O Líbano, Francia | 126 min

Lugar: Pazo da Cultura

## Ciclo documentais galegos

MUNDOS SILENCIADOS

Unha aproximación ao mellor do cinema documental galego a través de catro obras que, desde perspectivas moi diferentes, nos achegan a realidades ou mundos silenciados que perviven no pasado, seguen presentes só na nosa memoria, pertencen ao presente pero mantémoslos no esquecemento, ou son vividas individualmente aínda que son problemas que nos corresponden a todos. Contaremos coa presenza dos directores ou membros dos equipos que presentarán as obras e participarán nun coloquio cos asistentes.

O acceso ás proxeccións é gratuito, ata completar aforo.

Lugar: Pazo da Cultura

## 13-F > 20.00 H PEDRÓN DO FREIXO



Pedrón, un home de 83 anos relata unha vida chea de duras experiencias, campendio de tenacidade, supervivencia e bo humor, onde o traballo, a ausencia de familia e a integración na comunidade son un reflexo do acontecido en O Freixo, parroquia chea de vida hai un século e agora camiño do despoboamento.

Documental | Ángel Cordero | 2018 | Galicia | 65 min  
Campoverde Produccións

## 27-F > 20.00 H ESQUECE MONELOS

Non só é unha película sobre un río esquecido que hoxe descorre por unha cloaca, é unha película sobre as nosas correntes subterráneas. Valéndose da desaparición do río Monelos reflexiónase sobre a perda da memoria, dos lugares e as xentes. Un retrato colectivo que fala dos medos e as inquietudes que acompañan o avance do tempo.

Documental | Ángeles Huerta | 2017 | Galicia | 76 min  
DangaDanga Audiovisuais

## 12-M > 20.00 H HAMADA



Con vitalidade e humor, Hamada é o insólito retrato dun grupo de amigos que viven nun campamento de refuxiados no deserto do Sahara, que se reinventa día a día nun lugar onde nada semella cambiar.

Documental | Eloy Domínguez Serén | 2018 | 89 min  
Alemaña, Noruega, Suecia  
Premio á mellor película española e mellor director español no Festival I. de cine de Gijón 2018, Mellor Director Emerxente, Porto/Post/Doc, Portugal, 2018; Mellor Ópera Prima e Premio xuvenil do xurado, Cinéma du Réel, Francia, 2019; Premio ao Documental - Tempo Film Festival, Suecia, 2019, entre outros.

## 26-M > 20.00 H IDÉNTICAS



Dúas irmás xemelgas padecen unha enfermidade ultrarara. Único caso no mundo, no que só unha delas presenta os síntomas. Idénticas fala da súa vida e do que supón para a familia convivir coa enfermidade.

Documental | Luís Avilés | 2018 | Galicia | 67 min  
Amanita Films

Premios Mestre Mateo 2019: Mellor Documental